

**Lei 16/1989, do 21 de outubro, sobre concesión de suplementos de crédito por importe de setecentos setenta e oito millóns oitocentas setenta e oito mil duascenas sesenta e seis pesetas (778.878.266 ptas.), ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó persoal da Xunta de Galicia da perda de poder adquisitivo experimentada en 1988**

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 413, do 8.9.1989.

Acordo de tramitación polo procedemento de urxencia, BOPG núm. 413, do 8.9.1989.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 425, do 3.10.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 140, do 10.10.1989.

Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 431, do 18.10.1989.

Corrección de erros: BOPG núm. 440, do 7.12.1989.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 206, do 26.10.1989. Corrección de erros: DOG núm. 1, do 2.1.1990.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 35, do 9.2.1990.

**Lei 16/1989, do 21 de outubro, sobre concesión de suplementos de crédito por importe de setecentos setenta e oito millóns oitocentas setenta e oito mil duascenas sesenta e seis pesetas (778.878.266 ptas.), ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó persoal da Xunta de Galicia da perda de poder adquisitivo experimentada en 1988**

O Real Decreto-Lei 3/1989, do 31 de marzo, de Medidas Adicionais de Carácter Social, cumprindo Resolución adoptada polo Pleno do Congreso dos Deputados, establece no seu título IV, artigo 17, a percepción por parte do persoal funcionario ou estatutario ó servizo da Administración do Estado dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, por un importe que compense a perda de poder adquisitivo experimentada en 1988, facendo extensiva a medida, adaptada ás súas peculiaridades, ó persoal laboral ou contratado administrativo da dita Administración.

O mencionado artigo 17 determina para o persoal funcionario e estatutario a contía correspondente a cada grupo ou índice de proporcionalidade: para o laboral o 1 por cento da masa salarial autorizada para o ano 1988, do que a aplicación individual se determinará no marco da negociación colectiva para o presente ano; e

para outro persoal fíxase o importe da dita paga no 1 por cento da retribución percibida durante 1988.

Así mesmo, a Disposición Adicional terceira, punto dous, prevé que o custo das medidas que as Comunidades Autónomas adopten, se é o caso, para lle dar cumprimento á previsión anterior, sería financiado a través do incremento que iso prodúcese no cálculo do gasto equivalente de 1989, na liquidación definitiva da transferencia ás Comunidades Autónomas por participación nos ingresos do Estado.

En consideración de que as medidas de carácter social referidas non puideron ser previstas á hora de elaboralos Presupostos Xerais desta Comunidade Autónoma para 1989, debido ó desfase temporal entre a aprobación destes e a publicación do Real Decreto-Lei de que se trata, a Consellería de Economía e Facenda, en virtu-

de do previsto no artigo 19 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, e ó amparo do artigo 47 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, ó resultar nas pertinentes aplicacións presupostarias o crédito insuficiente, promoveu un expediente para a concesión dos necesarios suplementos de crédito.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre concesión de suplementos de crédito por importe de setecentos setenta e oito millóns oitocentas setenta e oito mil duascenas sesenta e seis pesetas (778.878.266), ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó persoal da Xunta de Galicia da perda de poder adquisitivo experimentada en 1988.

#### Artigo 1

Concédense suplementos de crédito ó vixente Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma por un importe total de setecentos setenta e oito millóns oitocentas setenta e oito mil duascenas sesenta e seis

pesetas (778.878.266), do que a distribución por aplicacións presupostarias figura no Anexo a esta Lei.

#### Artigo 2

Os citados suplementos de crédito financiaranse a través do incremento que se produza no cálculo do gasto equivalente de 1989 na liquidación definitiva da participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado, segundo se recolle no punto dous da Disposición Adicional terceira do Real Decreto-Lei 3/1989, do 31 de marzo, de Medidas Adicionais de Carácter Social.

#### Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente

---

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.